

MELIDE

Medio Rural reformará a Cámara Agraria para centralizar os servizos comarcais P9

COMARCA

Santiso confía no desbloqueo do arranxo da estrada que vai a Melide P12

CULTURA

A igrexa de Santa María do Leboreiro entra nos 'Fitos do Camiño' P15

ENTREVISTA

Minia Varela, Xebre



"Temos artigos que non hai noutras tendas de Melide" P22

A campaña de Nadal repartirá 16.000 euros en premios



Por primeira vez, a campaña de Nadal do comercio de Melide estará organizada polas dúas asociacións do comercio da vila. Asetem-Cca e Cca Vila de Melide decidiron dar un paso máis na súa colaboración e de-

señaron a campaña 'Este Nadal toca en Melide'. Repartiranse arredor de 16.000 euros en premios, tanto en metálico coma a través de regalos que se sortearán cada día entre os oíntes de Radio Melide. P3

O comercio da vila opina que Asetem axuda ó sector



Un estudo sobre o comercio da vila revela que os titulares destes establecementos valoran 'bastante ou moito' o traballo de Asetem-Cca a prol do sector. P4

Melide destina 160.000 euros á reparación de vías



Con cargo ó Plan de Obras e Servizos para 2010 repararanse seis rúas e outros viais no rural e instaláranse farolas en varias rúas do casco urbano. P9

Editorial

Os retos do noso futuro

A comezos de novembro Asetem-Cca deu a coñecer os resultados do 'Estudo previo de viabilidade de agrupación de servizos para os asociados', elaborado pola consultora Prosem. O informe sitúa á asociación como a patronal máis valorada polos melidenses, algo que, sen dúbida é froito do traballo desta organización.

Ademais deste feito, do estudo tíranse varias conclusións de improtancia para o sector comercial melidense, que se sitúa como unha actividade de referencia en toda a zona. Entre estas conclusións tírase que comercio da localidade aposta pola unión de Asetem-Cca coa outra asociación do comercio da vila. En resposta ós cuestionarios do estudo, indicaron que a existencia das dúas organizacións ocasiona certa confusión no asociacionismo da vila.

Na actualidade, trala organización conxunta da campaña de Nadal, está aberta un novo camiño. Trátase dunha nova senda que discorre pola vía da colaboración e do entendemento mutuo, do traballo conxunto e complementario. Unha vía pola que acadar metas positivas e que terá que ter un punto de inflexión ó abordar a unión das dúas asociacións. Como acontece no caso das caixas de aforros galegas, haberá que analizar pros e contras e consultar opinións internas e externas. É un asunto que Asetem-Cca ten marcado na súa axenda e que tarde ou cedo deberá estudiarse.

Por outra banda, o informe sobre o comercio reabre o debate sobre a unificación de horarios e sobre o dilema dos domingos. Que facer, abrir ou pechar? É a pregunta de moitos comerciantes da vila. Coñecemos opinións e razóns diversas. A favor do si e a



favor do non. E xa se sabe que as opinións son libres e que, neste caso, coma noutros moitos, non existen criterios absolutos.

Asetem-Cca está decidida a plantexar esta cuestión entre os asociados. Con detemento, sen presa pero sen pausa. Para que o día de mañá sexa posible chegar a un acordo sobre este asunto, que vén de anos atrás. Recoñecemos a longa tradición de abrir o comercio melidense o domingo. Cremos nas tradicións e respetámolas. Pero tamén cremos na calidade de vida.

Hai antecedentes de accións levadas a cabo neste eido polos establecementos de electrodomésticos. Con este exemplo, e outros que poidan ir xurdindo, teremos un referente para orientar as nosas decisións, que han ser abundantemente consensuadas cos pro-

pietarios de negocios da localidade.

Asetem afronta con decisión este reto. Poñendo a esperanza no entendemento común e en chegar a un consenso libre de tensións entre sectores ou ámbitos comerciais.

Co mesmo impulso e decisión co que agarda a resolución das anteriores cuestións, Asetem-Cca acolle o renacer da revista mensual, o Cerne, que recolle o testemuño dunha etapa anterior. A publicación será o atento voceiro de Asetem-Cca e de tódolos habitantes da comarca. Sen restrinxir a participación cidadá, que lle imprimirá un aire máis real e auténtico.

Temos por diante un novo período cargado de tarefas e que será unha nova oportunidade para colleitar éxitos a prol de empresarios e comerciantes da Terra de Melide.

Tribuna de opinión

Unha nova etapa

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Ánimo, enerxía, traballo e esforzo. Son as palabras que definen esta nova etapa que comeza a Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto. Unha nova etapa que vén marcada por un cambio na directiva, que agora preside unha muller, Sonia Valiño.

Dende hai uns tres meses comezamos a traballar con ánimos renovados, con ganas de seguir avanzando na nosa labor de servir ós empresarios e comerciantes da Terra de Melide, que son a nosa razón de ser. O noso obxectivo é ser ambiciosos, dentro dunha xusta medida, para seguir medrando e poder ofrecer os nosos servizos a un maior número de asociados. Queremos ser un firme apoio nestes tempos difíciles para a economía.

Dende aquí, dende este espazo que nos permite poñernos en contacto con toda a cidadanía da comarca e cos propios socios, queremos transmitirle que estamos abertos a escoitar tódalas opinións, a telas en conta para ir mellorando co día a día. Agradecemos as suxerencias, as queixas e as críticas construtivas que xurden dende os diversos ámbitos que abarcamos para poder facer un traballo que xere beneficios en tódolos ámbitos da sociedade, xa sexa económico, social ou cultural.

Afrontamos o futuro con moita ilusión, sabendo que o noso traballo é apreciado por boa parte de comerciantes e empresarios da zona. Con ilusión tamén preparamos a primeira grande campaña desta nova etapa, a campaña de Nadal. 'Este Nadal toca en Melide' é especial, xa que por primeira vez se fai unha promoción conxunta coa outra patronal do comercio da vila. Dende aquí tamén queremos agradecer a súa colaboración e traballo para que esta iniciativa saia adiante.

Outro dos proxectos nos que temos posta a nosa atención é este dende o que vos falamos, o Cerne. Como a propia asociación, o xornal tamén afronta unha nova etapa. Cun novo deseño e nova filosofía busca estar máis apegado á rúa, coñecendo o sentir dos habitantes da comarca.

Achégase o seu número 50, que conmemorará o vindeiro mes de febreiro. Será unha data moi especial, na que haberá que mirar cara atrás para repasar toda a súa traxectoria e, sobre todo, mirar cara adiante. Para o longo futuro que lle espera.

Todo isto será xa no vindeiro ano que, marcado polo Xacobeo 2010, agardemos que vos traia moita felicidade e bos momentos para recordar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

SECCIÓN COLABORACIÓNS: Asociación de troiteiros *Río Furelos*, José Nuñez

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Jorge Sangiao

IMPRESIÓN: Norpresa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

20% de desconto

General Franco, 21
Telf.-Fax: 981 50 52 56
15800 Melide

Máis de 100 negocios participan na promoción organizada por Asetem e Vila de Melide

A campaña de Nadal repartirá en Melide arredor de 16.000 euros

É a primeira vez que se celebra esta iniciativa conxunta na vila

Chega o Nadal e con el a campaña do comercio de Melide. Para este ano, a diferenza das últimas ocasións, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) e o Cca Vila de Melide organizaron por primeira vez unha campaña conxunta, que repartirá entre os clientes dos establecementos comerciais da vila preto de 16.000 euros en premios.

Máis de 100 negocios, entre socios de cada unha das organizacións e non asociados, participan na promoción. 'Este Nadal toca en Melide', comezou o día 1 de decembro e rematará o día 7 de xaneiro de 2010, pasado o día de Reis. Esa mesma xornada, ás 21.00 horas realizarase o sorteo dos premios ante notario. Será na sede de Asetem-Cca, na rúa Lino Sexto Sánchez.

26 grandes premios

Dos 16.000 euros globais que se repartirán, 9.000 serán repartidos en 26 grandes premios. O maior deles será de 3.000 euros, haberá dous pre-



Un comerciante coloca o cartel da campaña no seu negocio

mios de 1.000 euros, tres por valor de 500 euros, cinco de 200 euros e 15 por importe de 100 euros.

Os clientes que dispoñan dun boleto premiado, incluídos os que teñan un número de reserva, terán de prazo ata o próximo 25 de xaneiro ás 13.00 horas para presentar a

rifa na sede de Asetem-Cca.

Favorecer a compra

Dende as patronais do comercio local buscan favorecer as compras nestas datas tan importantes para os negocios da vila, co fin de darlle maior pulo ó comercio, un sector que se está convertendo na activi-

dade de referencia na economía da comarca. Do mesmo xeito, tamén queren premiar a fidelidade dos clientes, repartindo os premios citados.

A campaña, cuxa inscrición foi gratuíta para os socios das dúas organizacións, complétase con outra promoción a través de Radio Melide.

Sorteo diario de artigos e vales regalo dende Radio Melide

Á marxe dos grandes premios, cuxos gañadores se coñecerán o próximo 7 de xaneiro, a campaña complétase con outra promoción que se leva a cabo en colaboración con Radio Melide.

Trátase do sorteo diario de diferentes agasallos que aportan os establecementos participantes entre os oíntes da emisora. A cambio de participar nesta iniciativa, os comerciantes terán a oportunidade de difundir publicidade gratuíta na emisora ó longo do mes e unha semana que dura a campaña.

Os oíntes da radio municipal poderán conseguir premios coma un xogo de maletas de viaxe, lámpadas, un surtido de botellas de viño, ceas, xogos de café, prendas de vestir, cursos de informática ou sesións de masaxe e podoloxía e vales de compra por valor de 60 euros. Deberán chamar á emisora para dar o seu número de boleto e entrarán nun sorteo entre as chamadas dese día.

A Federación de Comercio reconece a labor de Asetem

O traballo da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) será reconecido pola Federación de Comercio de A Coruña e pola Federación de Autónomos de Galicia (Feaga), no acto de 'Recoñecemento ás nosas asociacións'. A cita será o día 8 de decembro, ás 20 horas na Coruña. Celebrarase no marco da XVI Feira de Mostras da Coruña, Expo-Coruña.

A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, acudirá a reco-

ller a placa recordatoria, que lle será entregada en presenza do presidente da Federación de Comercio, Miguel Agromayor, e do máximo responsable da Feaga, Paulino Franco.

Máis de dez anos

A organización empresarial da Terra de Melide está integrada e colabora coa entidade que representa ós comerciantes coruñeses dende hai máis dunha década, e na Feaga dende o ano 2003.

Carpintería



A. LAYA

Rúa do Sol,7 - 15800 Melide
Tfnos: 981 505 283 - 670 662 947

O comercio de Melide di que Asetem axuda ó desenvolvemento do sector

Un estudo sobre os establecementos da vila avala o traballo da asociación a prol do desenvolvemento do sector

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) é a asociación de Melide máis valorada polos comerciantes da vila. A metade dos responsables deste tipo de establecementos consideran que esta organización é de 'bastante ou moita' axuda para o desenvolvemento do comercio local. Así se desprende do 'Estudo previo de viabilidade de agrupación de servizos para os asociados', elaborado pola consultora Proyectos y Sinergias Empresariales (Prosem).

Na presentación do estudo, a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, destacou estes datos, que segundo indicou "débense ó bo traballo da asociación a prol do comercio de Melide".

O informe avala o "importante coñecemento espontáneo que teñen os comerciantes de Melide da asociación xa que un 89% a cita entre as asociacións do comercio da vila", destacou Luís Domínguez, representante de Prosem.

O estudo, que analiza as demandas de servizos por parte dos distintos tipos de negocios -alimentación, téxtil-calzado, equipamento persoal, adornos e agasallos e outros comercios- salienta que os máis utilizados son os de asesoría empresarial (84%), publicidade (69%), imprenta e artes gráficas (62%) e os servizos de



A presidenta de Asetem, Sonia Valiño, e Luís Domínguez, de Prosem, na presentación do estudo.

reparto (56%) e informáticos (51%). De tódolos xeitos, en cada subsector utilizan e demandan servizos distintos.

Unificación de horarios

Domínguez explicou que o comercio melidense demanda a unificación dos horarios, algo que os responsables dos establecementos ven como unha medida positiva para o sector. Explicou que esta actuación foi a máis valorada debido á

carga de traballo que soportan os comercios da vila, que abren tódolos días da semana.

O representante de Prosem explicou que é preciso determinar se esta necesidade que transmiten os comerciantes ten a mesma repercusión na clientela e indicou que para iso se deben coñecer os hábitos de compra dos cidadáns para "intentar organizar a apertura en función da demanda".

Ademais, o estudo revela a

"boa predisposición" dos titulares de establecementos comerciais á realización de sorteos e á celebración da Feira de Oportunidades, feito que segundo Domínguez "é algo que aínda que pareza moi obvio non se dá en tódalas vilas".

Por outra banda, o estudo reflicte que os comerciantes perciben a unión das dúas asociacións da vila como un feito positivo para o sector.

A vila é o referente comercial da comarca

O estudo reflexa que a vila melidá é o indiscutible referente comercial da comarca. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (Ige), incluídos no informe, o 84% das empresas que desenvolven actividades deste tipo na comarca teñen o seu domicilio social en Melide. Ademais, o número de establecementos comerciais amosa unha concentración similar, do 85%.

Outro dato que corrobora a importancia do comercio na vila é a densidade comercial, é dicir, o número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes. Melide ten 18,25 establecementos por cada 1.000 habitantes, un dato que é superior ó da pruvincia da Coruña, con 14,56 e ó do conxunto de Galicia (14,49).

A diferenza aumenta ó facer a comparación cos concellos da comarca. Santiso ten 2,62 establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes, Sobrado 7,4 e Toques 1,27.

Ante estes datos, Melide consolídase como o centro comercial da comarca.

OS DATOS

A maioría dos comerciantes son mulleres

O 63% dos titulares de establecementos comerciais en Melide son mulleres. Teñen unha media de 45 anos. O 42% conta con estudos medios e o 35% ten formación primaria.

O 32% dos comerciantes teñen entre os 36 e os 45 anos e o 46% ten máis de 45 anos. Isto reflicte a coexistencia de comerciantes mozos con outros de maior idade.

Nun 68% dos negocios traballa un autónomo

A maioría dos negocios, un 68%, dan traballo a un autónomo. Segundo os datos do estudo, o 30% de comercios ten dúas persoas neste réxime. Só un 2% emprega a máis de dous autónomos.

Respecto ao número de persoas necesarias para atender o comercio, nun 39% dos casos só se precisa unha persoa, e nun 35% son necesarias dúas.

A antigüidade media do comercio é de 24 anos

Segundo o estudo do comercio da localidade, a antigüidade media dos establecementos melidaos é de 24 anos. Máis da metade, o 54%, teñen máis de dez anos e unha terceira parte xa ten máis de dúas décadas de vida.

No extremo contrario destaca o outro 26%, que ten unha antigüidade de cinco ou menos anos.

O 57% dos locais son propiedade do empresario

O 57% dos comerciantes melidenses declararon desenvolver a súa actividade nun local da súa propiedade, fronte ao 43% que dispoñen dun establecemento en réxime de alugueiro.

Por outra banda, case o 80% dos establecementos teñen menos de 100 metros cadrados, un 38% entre 61 e 100 e un 39% ten 60 metros cadrados ou menos.

Preto dun 70% fixeron reformas hai menos de 10 anos

No que se refire ó acondicionamento do local, no informe destácase que o 69% fixeron unha reforma hai dez ou menos anos, o que reflexa a modernización do sector na vila. Entre todos estes casos, o 32% arranxou o seu establecemento hai cinco ou menos anos.

No caso oposto sitúase o 17%, que nunca fixo reformas.

A debate: abrir ou pechar os domingos

O estudo sobre o comercio de Melide reflexaba a opinión dos comerciantes da vila a respecto da carga de traballo que supón a apertura das tendas os domingos pola mañá debido á celebración da feira. A maioría dos comerciantes asegura sentirse “escravo” do seu negocio e ve con bos ollos acadar unha solución conxunta para que “todos pechemos o domingo”. Non obstante, non albergan

esperanzas de chegar a este punto nun futuro próximo xa que “é unha tradición que houbo de sempre” e cren difícil cambiala, aínda que moitos amosan vontade para facelo. Todos poñen como exemplos ás tendas de electrodomésticos, que se puxeron de acordo para pechar o día de feira. Cerne saíu á rúa para escoitar as opinións de comerciantes e clientes sobre esta cuestión.

SI



José Luis Penas, propietario do Supermercado Penas, di que “firmaría con los ojos cerrados” se o comercio melidense pechara os domingos. “Que importa que se muevan 10 millones en el cruces. Todo ese dinero marcha para fuera”. Na súa opinión, os “únicos” que fan caixa os domingos son os grandes supermercados e as tendas que están preto dos postos do mercado.

Pide as súas horas de descanso. “No quiero vivir para trabajar”, sostén. Ademais, di que moitas persoas rexeitan traballar na vila por ter que fa-

celo os domingos.

Penas amósase contrario á regulación de horarios. “A mi me gusta cerrar puntual a las 20.30. Si otra tienda quiere cerrar más tarde, no veo bien que se le obligue a hacerlo antes”. Di que os seus clientes xa saben cando está pechado e adáptanse a ese horario. “Para mi no tiene ningún sentido estar abierto a las 10 de la noche esperando a que entre una persona a comprar un paquete de azúcar”.

Di que seguirá loitando para pechar o domingo, pero non alberga moitas esperanzas.

-É partidario de pechar o seu negocio os domingos?
-Está de acordo con que se regulen os horarios de apertura dos comercios?
-Ve viable a organización de horarios por sectores de actividad?

NON



José Luis Barreiro, de Cadena 100, négase rotundamente a pechar os domingos. “É moi bo día. En todo caso pechar o sábado pola tarde, pero o domingo non”, asegura. O seu negocio vende “moito” o día de feira que, en ocasións, “é moito mellor ca un día da semana”. Afirmar que na vila “case tódolos comerciantes queremos abrir. É raro o que quere pechar”.

Explica que se puxo en contacto cos propietarios de tendas similares para intentar pechar a tarde do sábado, pero non chegaron a un acordo. “Eu

pechaba e ó ver que abrían os demais, decidín volver a abrir”. Di que non lle importa traballar tódolos días, que está acostumado a facelo.

Indica que en Melide non hai “ningún tipo de control” sobre os horarios, polo que abre e pecha a tenda “cando quero e os días que quero”. Deste xeito, ve “moi complicado” acadar unha regulación de horarios. “Aínda que nos poñamos de acordo dez establecementos non solucionamos nada”. Por iso, para Barreiro, o mellor é que “cada un faga o que queira”.

Os clientes opinan...

Se detrás do mostrador hai opinións dispaes, dende fóra a maioría dos clientes pensan do mesmo xeito. Eles son partidarios de que o comercio peche o domingo. Se ben, é certo que teñen certas dúbidas no caso da alimentación, que segundo as súas respostas é o tipo de comercio que máis frecuentan os domingos.

Olga, que é veciña da vila, di que “lle dan pena” os comerciantes que abren o domingo. “Danme pena porque non

poden descansar ningún día da semana e aínda que libran outro día, non é o mesmo”. Ela é das que non tería “ningún inconveniente” en que estivera “todo pechado e seguira habendo feira”, porque asegura que non fai compras este día. “Xa procuro deixar todo comprado durante a semana”. “Non son das que baixo polo pan fresco os domingos”, comenta a melidá.

Respecto á cuestión da regulación de horarios non é parti-

daria a que se faga. Cre que os propietarios do negocio teñen que ter dereito a ter o horario que mellor lle conveña. “Non é o mesmo unha persoa que ten fillos pequenos que outra que non os ten”, exemplifica. “E que un supermercado estea aberto ata as 10 é bo para as persoas que traballan ata tarde”.

María, do concello de Santiso, está de acordo con esta opinión. Aínda que pensa que si se deberían establecer “cer-

tas normas” sobre os horarios. No caso de pechar os domingos, tamén se pon na pel do que ten que traballar, aínda que como cliente prefere que as tendas estean abertas.

Asegura que “moitos domingos”, sobre todo a principio de mes, vén a Melide a facer “unha compra grande” de artigos de alimentación e de consumo diario. Ademais, di que con certa frecuencia tamén entra noutro tipo de tendas coma bazares ou de roupa e

calzado. “Se sei que me fai falta e podó esperar, o domingo veño e miro se atopo o que buscaba”.

Maite tamén é partidaria de que pechen as tendas os domingos. “Todos necesitamos o noso descanso”. Pensa que hai certos servizos que non teñen demanda este día. “A xente non vai contratar unha viaxe o domingo, fano pola semana”. De tódolos xeitos, ve ben que os propietarios poidan escoller se abrir ou non.

Este mes damos a benvida a...



CC-XESTIÓN

Florentino López
Cuevillas, 2, baixo
881973307

Asesoría laboral, contable e fiscal. Servizos para empresas: asesoría e xestión a domicilio, alerta de subvencións, facturación.



PER-LEI

Rúa de San Pedro,
981507437

Moda e complementos.



XEBRE

Ronda de Pontevedra, 8
981505723

Produtos artesanais de calidade. Queixos, castañas, chocolates, marmeladas, meles, licores.

Asetem organiza cursos de benestar animal e inglés para hostelería

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) traballa na organización de formación en materia de benestar animal e de inglés para o sector da hostelería.

O benestar animal na cría e transporte de reses é unha cuestión que se impón cada vez máis no sector gandeiro ademais de nas actividades de transporte, debido ós beneficios que reporta, tanto económicos coma sanitarios ou no caso da calidade alimentaria.

Este tipo de formación é obrigatoria para as persoas que interveñan na cría e na manipulación de animais en granxas, matadeiros ou durante o seu transporte. Nestes casos deberase acreditar unha formación axeitada nesta materia, expedida pola Consellería do Medio Rural.

Nos cursos abordaranse cuestións relativas á alimentación, condicións de luz e ventilación e espazos destinados a cada animal no transporte,

ademais da lexislación que actualmente rexe a cría, transporte e sacrificio de animais e os requirimentos esixidos pola Política Agraria Común (PAC) europea.

O curso celebrarase nos vindeiros meses e será impartido polo veterinario Juan Manuel González na sede de Asetem.

Por outra parte, continúa aberto o prazo para inscribirse no curso de inglés especializado para o sector da hostelería e restauración. Nesta actividade, que ten unha duración de 20 horas e poderá estar subvencionada na súa totalidade, os participantes pñeranse en contextos de traballo reais para adquirir a habilidade de comunicarse en inglés en situacións prácticas.

Conscientes da importancia de actualizar a formación, Asetem ten suscrito un convenio coa Academia Aprende polo que os asociados dipoñen de descontos en variedade de cursos de informática.



Tablas Racións Almorzos

Os fins de semana achégate a tomar unha copa e disfrutar da boa música!

Avda de Toques, 35 - Melide

Os representantes da asociación trasladaron a súa preocupación ó goberno local



Plano de Melide, coas avenidas da Habana, de América e a rúa de Galicia na zona central

Empresarios da zona coñecen o uso do DNI electrónico

Varios empresarios e comerciantes da comarca asistiron á xornada 'As TIC como ferramenta para a mellora da competitividade en Pemes e autónomos', que organizou a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) en colaboración coa Federación Galega de Autónomos (Feaga) para divulgar os usos do DNI electrónico.

Na actividade, que foi impartida por un técnico da Feaga, os asistentes puideron comprobar que o novo documento identificativo, que conta cun microchip insertado, pode usarse para facer trámites administrativos por Internet. Activando o novo DNI pódese facer a través da rede a declaración da renda, trámites bancarios online ou para calquera tipo de compra.

Entre as administracións que xa admiten o emprego do chamado DNIE atópanse concellos, comunidades autónomas e ministerios. Tamén o utilizan o Inem, a Seguridade Social ou a Dirección General de Tráfico.

Actualmente, co DNI electrónico pódese consultar a situación dun expediente administrativo tramitado por instancia de parte ante a Xunta, ademais de acceder á información de diferentes rexistros e de contratacións en curso.

Asetem reclama cambios no sentido de circulación das rúas do centro

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) trasladou ás formacións políticas da vila a súa vontade de que se leven a cabo varios cambios no sentido de circulación das rúas do centro melidense.

En cadansúa reunión mantida cos representantes municipais do BNG, Socorro Cea, do PSdeG, Manuel Prado, e do PPdeG, Ánxeles Vázquez, os directivos da asociación expuxéronlle que as avenidas da Habana e de América, así como a rúa de Galicia dirixen o tráfico en dirección saída da vila. Para Asetem, esta circunstancia prexudica ós veci-

ños que viven na zona de Curros Enríquez ou ós que se desprazan dende varias parroquias de Toques. Denuncian que para ir ó Cantón de San Roque dende esta parte da vila hai que tomar rúas que levan a alonxarse da zona céntrica.

A alternativa que propón Asetem é cambiar o sentido de circulación da avenida da Habana e que os condutores que queiran desprazarse ata a zona da Martagona, onde se ubican os colexios, entraran pola rúa Bispo Varela Fondevila y Vereá, onde está ubicada a oficina de Correos. Deste xeito, para saír cara ó centro do pobo poderían coller a ave-

nida da Habana e xa estarían máis pretos das principais vías de saída.

A patronal do comercio da comarca tamén ve oportuno o cambio de cara ós transportes pesados que chegan dende as aforas, xa que o xiro que teñen que facer dende a rúa Martagona para seguir por Correos resulta moi complicado para vehículos industriais de grandes dimensións.

Aliviar o tráfico o domingo
Os responsables da asociación indicaron que sería beneficioso manter o actual sentido de circulación da rúa de Galicia, que discorre paralela á Ronda da

Coruña debido a que resulta operativa para aliviar o tráfico no centro durante as mañás dos domingos, ó estar os postos da feira instalados nos arredores do cruce central da vila.

Os representantes de Asetem seguirán mantendo contactos para poñer en práctica estas demandas. Ademais, traballan sobre a posibilidade de que varias rúas da zona de Curros Enríquez poidan convertirse en tramos de sentido único. Alegan que son rúas estreitas, con moitos cruces e a circulación nos dous sentidos está dificultada polos vehículos aparcados nas marxes que, na maioría dos casos, invaden as beiravías.

A finais de mes coñeceranse os gañadores da campaña de compras de novembro

A finais do mes de decembro coñeceranse os gañadores da campaña 'Mercar no pequeno comercio fai grandes as túas compras', que repartirá un televisor de 32 polgadas con TDT, un reprodutor de DVD con televisor TDT, un grabador MPEG con disco duro extraíble, 8 sintonizadores de TDT e 4 reprodutores de MP4 con oito GB de capacidade. Catro destes premios serán repartidos por establecementos

comerciais melidenses.

O sorteo celebrarase arredor do día 20 de decembro. Sobre esta data, a Federación de Comercio de Santiago e Comarcas -que organizou a campaña- entregará os premios que recaían na localidade ós establecementos comerciais agraciados. Posteriormente, os responsables destas tendas serán os encargados de entregar ós clientes premiados os correspondentes agasallos.



Asetem apoia o turismo da comarca na mostra Intur de Valladolid

Asistiron 1.200 expositores chegados de oito países diferentes



Stand de Terras de Ulla e Tambre na feira Intur de Valladolid

Paisaxes que invitan a perderse e a coñecer a súa historia máis remota e gastronomía para conquistar os padales máis esixentes. Estes son os reclamos do novo vídeo promocional das Terras de Ulla e Tambre que foi presentado o 20 de novembro na Feira Internacional de Turismo de Interior que se celebrou en Valladolid. No certame congregáronse 1.200 expositores pertencentes a tódalas comunidades autónomas e de países coma Portugal, Italia, Marrocos, Túnez, Exipto ou Israel.


A Asociación de Empresa-

rios Terra de Melide (Asetem-Cca) apoiou a presentación da oferta turística dos 11 concellos da integrados no Plan de Dinamización de Portodemouros coa asistencia da súa presidenta, Sonia Valiño, quen amosou o respaldo da asociación ó “fortalecemento do turismo nos concellos do interior coruñés, xa que esta actividade revirte en tódolos sectores económicos”.

No acto de presentación, ó que asistiron representantes políticos dos concellos que integran o grupo Ulla e Tambre - Melide, Santiso, Toques,

Sobrado, Arzúa, Boimorto, O Pino, Vedra, Boqueixón, Touro e Vilasantar- ademais do presidente do comité de seguimento deste plan turístico, Pablo Villamar, tamén se levou a cabo unha degustación de produtos da zona. En concreto, o concello melidense aportou os seus coñecidos melindres, ricos e almendrados. Os visitantes que se achegaron ó stand tamén poideron probar queixo Arzúa-Ulloa e viño con D.O. Rías Baixas de Vedra.

A iniciativa busca poñer en valor a oferta da zona e abrir canles de comercialización.



**A directiva de ASETEM-CCA
deséxalle moita felicidade nestas datas
e para o ano que comeza**

**Este Nadal, ASETEM-CCA agasalla
ós socios unha memoria USB
Poden pasar a recollelo na sede
R/Lino Sexto Sánchez, 2, baixo. Melide**

Axudas

COMERCIO

-Subvencións a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no Rural que se adhirán a Rede de Comercio Rural Galego. Publicado no DOG de 18 de Novembro de 2009.

EMPRESA

-Plan Re-Brote do Igape. Liña de avais para o acceso a financiamento operativo adicional.

- Plan Re-Solve do Igape. Liña de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas. (Resolución do 5 de novembro de 2009)

-Liñas de apoio financeiro do Igape a pequenas e medianas empresas financiadas con fondos do ICO. Liñas Ico-Peme, crecemento empresarial, internacionalización, emprendedores.

AGRICULTURA E GANDERÍA

-Axudas destinadas ás explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

-Ampliación das subvencións de apoio á viabilidade das explotacións leiteiras galegas. (Orde do 13 de novembro de 2009)

-Ampliación da dotación orzamentaria de axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en cooperativas agrarias e sociedades agrarias de transformación. (Orde do 11 de novembro de 2009)

AUTÓNOMOS

-Axudas do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo. (DOG do 4 de novembro de 2009)

MULLER

-Axudas en materia de traballo en igualdade para as mulleres de Galicia. (Orde do 2 de novembro de 2009)

Máis información sobre axudas en:

ASETEM_CCA

981506188 - info@asetem.com

R/Lino Sexto Sánchez, 2, baixo

15800 Melide (A Coruña)

A Cámara Agraria acollerá servizos de Medio Rural tras ser reformada

Habilitarase unha planta de veterinaria e outra para administración

O edificio da antiga Cámara Agraria Local de Melide, ubicado na rúa Froito Novo, será reformado para acoller os servizos agrarios comarcais. A Consellería de Medio Rural concedeu unha partida superior ós 120.000 euros para estas obras, que foron adxudicadas á empresa Construcciones Benigno Álvarez, S.L., segundo publicaba o Diario Oficial de Galicia (DOG) o 16 de novembro.

Os traballos permitirán recuperar os usos do inmovible e centralizar no local os servizos comarcais dirixidos ó sector primario, cuxas oficinas están establecidas na actualidade nas dependencias do consistorio melidense.

Tal e como avanzou a voceira do PPdeG de Melide, Ánxeles Vázquez, trala publicación do expediente de adxudicación no DOG, as



Vista da Cámara Agraria Local, ubicada na rúa Froito Novo

obras consistirán no acondicionamento das dúas plantas do inmovible. Unha destinarase ós servizos veterinarios e a outra estará dedicada á administración agraria. Ademais, indicou que o edificio estará adaptado ás persoas con mobilidade reducida ó contar con ascensor. Tamén estará equi-

pado con novas tecnoloxías, segundo indicou a voceira do grupo da oposición melidense.

Vella reivindicación

O local da Cámara Agraria atópase en desuso dende hai varios anos. Dende que os servizos agrarios se trasladaron de ubicación, o baixo cum-

pría a función de garaxe para os vehículos que utilizan para os seus desprazamentos os funcionarios da consellería. Non obstante, Vázquez advirte do seu “estado de abandono preocupante”, que incluso levou a que algúns veciños interpuxeran varias denuncias por esta causa.

Alumeado e reparación de viais no POS de 2010

O alumeado de zonas céntricas que carecían de puntos de luz e a reparación de varias rúas e viais, tanto no centro urbano coma no rural, foron as actuacións que o Concello de Melide priorizou no Plan de Obras e Servizos (POS) da Deputación da Coruña para o 2010, aprobado en pleno extraordinario o día 30 de novembro.

A inversión total será de 240.000 euros e estará repartida en tres tipos de melloras. Por unha banda, poñeranse puntos de luz na Avendida de Toques e Friol e na Ronda de Pontevedra. Esta actuación terá un custo de 80.000 euros.

Para o arranxo das rúas Lino Sexto, Froito Novo, Roca Salgado en Priorada, Antonio Ron Varela, a Avenida de Buenos Aires e para a construción dunha rotonda de acceso ó centro de día, destinaranse 70.000 euros.

No rural realizaranse mellores nas aldeas de Golán e Orois por valor de 90.600 euros. Repararanse as conexións entre Golán e Portela, entre Castiñeira e Orois e no propio núcleo de Golán.

Os tres grupos tamén acordaron dedicar 112.000 euros a gastos correntes, entre eles a pagar o recibo do lixo e a luz.

Dez maiores do concello recibirán os menús de ‘Xantar na casa’

Cada beneficiario terá que aboar menos de dous euros ó día pola comida

Dez persoas maiores ou en situación de dependencia serán os primeiros en contar co servizo de ‘Xantar na casa’ en Melide. O programa, posto en marcha polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, alcanzará un menú para cada día da semana a un prezo inferior a dous euros para o usuario.

Poñerase en marcha ó longo deste mes, segundo confirmou a concelleira de Benestar e

Igualdade, Casé Rodríguez. Indicou que os beneficiarios foron seleccionadas polo concello atendendo a baremos e informes dos Servizos Sociais. Son persoas que reciben axuda a domicilio do propio concello. “As coidadoras adican a maior parte do tempo a facerlle a comida”, comenta Rodríguez.

A distribución dos menús farase unha vez á semana. As comidas repartiranse en bandexas que logo se quentarán no microondas. “Se non teñen microondas na casa tamén se lle ofertará”, indicou a concelleira de Benestar.

Dende o concello agardan que se implante este servizo “canto antes” e están á espera

de que rematen os trámites relacionados co convenio que asinaron co consorcio.

Menos de dous euros

Os participantes no programa terán que aboar unha cantidade inferior ós dous euros por cada menú, que estará composto de dous pratos, postre e pan. O custo total de cada xantar será de 7,5 euros ó día, financiados nun 46,66% polo consorcio e noutro 26,67% polo concello e os beneficiarios.

A responsable de Benestar agarda que a iniciativa teña éxito e poida extenderse en vindeiras edicións a máis veciños do concello melidense.

Máis de 20 toneladas de plásticos agrícolas a reciclar

Os gandeiros e agricultores do concello de Melide reciclarán máis de 20 toneladas de plásticos agrícolas que foron recollidos na última campaña posta en marcha polo Concello o pasado mes.

Ó longo deste período, un vehículo municipal percorreu cada unha das parroquias recollendo estes materiais. Os veciños, que previamente foran informados mediante un bando do calendario de recollida que se programou, depositaron os plásticos nos seus respectivos campos da festa. O material recollido será tratado agora por unha empresa autorizada para a súa reciclaxe.

O obxectivo é eliminar estes restos de xeito que non ocasio-

nen un problema medioambiental. Queren evitar o seu amoreamento en vertedoiros incontrolados ou a carón dos propios domicilios ou explotacións gandeiras, debido á súa difícil capacidade de deterioro.

Programa consolidado

Trátase dunha iniciativa posta en marcha pola Concelleira de Medio Ambiente, que xa está consolidada. Lévese a cabo cando conclúen as temporadas de traballo no campo.

O concelleiro de Medio Ambiente, Manuel Prado, amosou o seu agradecemento á veciñanza por colaborar “con todas as campañas que promovemos a prol da reciclaxe e do coidado do contorno”.

Melide agarda un informe de Fomento para aprobar inicialmente o PXOM



Edificios en construción no casco urbano de Melide

O Concello de Melide está á espera de que o Ministerio de Fomento remita un informe sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para darlle o documento a súa aprobación inicial. Tras este trámite, o plan pasará a exposición pública.

Segundo explicou a alcaldesa da vila, Socorro Cea, o ministerio que dirixe José Blanco -fillo adoptivo de Melide- ten que remitir ó concello un documento relacionado co paso da estrada N-547, cuxa titularidade corresponde ó departamento estatal, polo territorio melidense. "Non sabemos se será en decembro ou en xaneiro", indicou Cea sobre a

chegada do informe.

Trala súa recepción, convocarase un pleno no que se dará a aprobación inicial ó PXOM. Despois deste paso, o documento pasará por unha fase de exposición pública. Dende o Concello teñen previsto que este período teña unha duración de dous meses -o máximo que permite a lexislación- para que "os veciños poidan consultalo tranquilamente".

Os planos estarán expostos no Multiusos melidense, onde varios técnicos atenderán as dúbidas dos veciños. Durante estes dous meses abrirase un período de alegacións ó documento que, trala súa resolución, pasará a aprobarse

provisionalmente e remitirase á Xunta para que dea a aceptación definitiva.

Cea precisou que no pleno de aprobación inicial tamén se concretarán os horarios habilitados para que os melidenses poidan consultar o plan.

Máis zonas verdes

Na actualidade, Melide conta con 45.000 metros cadrados de zonas verdes ou parques, incumprindo a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, feito polo que o anterior PXOM foi rexeitado pola Xunta. O novo plan contempla unha superficie de 250.564 metros dirixidos a zona verde.

O concello invertirá 90.500 euros na mellora de viais no rural

O arranxo de varias pistas en parroquias no rural melidense é o contido do Plan de Mellora de Infraestruturas no Medio Rural (Peim) do 2009. O goberno local asinou un convenio coa Consellería de Medio Rural por valor de 90.500 euros que contempla ditas actuacións no marco do Peim.

Nesta ocasión, os traballos de reparación serán nas pistas do lugar de Paraños, na parroquia de Maceda, no vial que une as parroquias de Xubial e

Zas de Rei, pasando polo lugar de A Rata e tamén se mellorarán as comunicacións dos núcleos de San Cosme e Campos coa vila melidense.

Dende o concello pedíronlle a Medio Rural que as obras "comecen o antes posible". Neste sentido, dende o goberno local destacaron a súa aposta pola "conservación e mellora das infraestruturas viarias do rural", xa que "case a metade da poboación melidense está afincada no rural".

Cea presenta ante a Deputación o arranxo da estrada Golán-Orois

O concello de Melide presentou ante a Deputación de A Coruña o proxecto de mellora do vial que une as parroquias de Golán e Orois. Trátase dunha estrada moi frecuentada por vehículos de elevada tonelaxe e por maquinaria agrícola.

As obras consistirán na reparación do firme nun tramo de 2,6 quilómetros e no ensanchamento da estrada ata

cinco metros. O goberno da localidade estimou o custo destas actuacións en máis de 56.000 euros.

A alcaldesa melidá, Socorro Cea, reuniuse co vicepresidente da Deputación, Pablo Villamar para solicitar a colaboración do ente provincial. Dende o concello confían en que a institución aprobe o proxecto neste mes para executalo a comezos do 2010.

PERFUMERIA

LYSS

COMPLEMENTOS Y REGALOS

¡Bo Nadal!

C/. Ronda de la Coruña, 44 - 981 50 76 84

MELIDE

MIXICA

TENDA XOVEN

Vos desexamos un próspero e feliz ano 2010

Nos atoparás en MELIDE na RÚA DO CONVENTO 36
tfn: 981506366 mixicatendaxoven@hotmail.com

A Fiscalía recorre o fallo que absolve ós acusados polo verquido no Catasol

O xulgado non contemplou o informe de Medio Ambiente por non comparecer os seus autores

A Fiscalía recorreu a sentenza do xulgado do Penal número catro de A Coruña que absolveu ós presuntos responsables do verquido de purín no río Catasol -que se produciu en setembro de 2007- dun delito contra os recursos naturais e o medio ambiente.

Dende o Ministerio Fiscal alegaron un “erro” na valoración das probas, xa que o maxistrado que ditou o fallo xudicial non tivo en conta un informe emitido polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia no que se indicaba que no momento do verquido existía nas augas do Catasol unha concentración de osíxeno inferior ós 6 miligramos por litro, algo que, segundo os criterios científicos, é “muy inferior” á necesaria para garantir a vida dos peixes.

O documento non foi considerado na sentenza xa que os seus autores non comparaceiron no xuízo oral para ratificalo. “No puede acreditarse la peligrosidad del vertido realizado”, agrega a resolución. Neste punto, o recurso de ape-



Un axente de Medio Ambiente mide a talla das troitas mortas a causa do verquido no Catasol

lación da Fiscalía defende que o informe foi “debidamente ratificado” por axentes do servizo de Conservación da Natureza, que compareceron na vista oral e responderon a preguntas sobre o informe, xa que participaron na toma de mostras da auga contaminada no momento do verquido.

A Fiscalía reclama que se admita a trámite o recurso e se revogue a sentenza actual, ditándose outra en termos condenatorios.

Segundo indicou o presidente da Asociación de Troi-

teiros Río Furelos, Xavier Pazo, haberá que esperar un prazo aproximado dun mes para que volva celebrarse un novo xuízo. Amosaron a súa disconformidade coa citada sentenza e a confianza en que o caso se resolva cun fallo condenatorio.

Pena dun ano de prisión

A Fiscalía pediu para Manuel Ríos Roibás e Javier Varela Galego -responsables do verquido- unha pena dun ano de prisión ademais dunha multa de 10 meses cunha cota diaria

de 12 euros e responsabilidade persoal subsidiaria en caso de impago e inhabilitación para exercer a profesión durante dous anos. Tamén solicitou o pago dunha indemnización de 22.608 euros á Consellería de Medio Ambiente.

Vedado á pesca

Na actualidade, o río Catasol leva máis de dous anos vedado á pesca. “Tardará moitos anos en recuperar a poboación de troita que había”, indica Pazo, xa que morreron os exemplares reprodutores.

Polémica polo número de peixes mortos contabilizados

A sentenza do xulgado do Penal número catro de A Coruña considera probado que o verquido procedeu da explotación porcina de Manuel Ríos, quen encargou a Javier Varela a instalación dunha bomba de impulsión na fosa de puríns da granxa. O tubo deste sistema foi colocado sobre o peche exterior, sitio onde se localizou o verquido. A consecuencia deste feito morreron máis de 2.600 troitas, unha anguía e outras especies acuícolas.

Pazo asegura que se contabilizaron moitas máis troitas mortas, “máis de 4.000”. “Está reflexado na denuncia que puxemos ante a Guardia Civil”, asegura.

Segundo explica, este suposto cambiaría o tipo de pena, xa que as sancións compútanse atendendo a uns baremos de cantidade e de tamaño dos exemplares. Deste xeito, aumentaría a contía da indemnización que, no caso de dítarse sentenza neste sentido, os acusados terían que aboar á Consellería de Medio Ambiente.

Os troiteiros melidenses agardan a resolución do caso no sentido oposto á sentenza.

Melide apúntase á compostaxe caseira

Uns 25 veciños de Melide xa dispoñen nas súas casas de composteiros domésticos repartidos polo concello a través do programa de compostaxe na casa, tutelado pola asociación ecoloxista Adega. Deste xeito, estas 25 familias obtendrán compost caseiro a través do almacenamento dos residuos orgánicos que xeren no interior do aparello que entregou o concello.

Tras asistir a unha charla in-

formativa impartida por un técnico de Adega, os participantes no programa xa comezaron a almacenar os refugалlos, que despois poderán utilizar como fertilizantes para a horta ou o xardín.

Cada familia recibirá tres visitas dunha educadora ambiental ó longo de sete meses -o tempo que tarda en facerse o compost- para comprobar que o proceso se realiza correctamente.

ASETEM-CCA agasalla ós seus socios un anuncio gratuíto nun número do Cerne en 2010

**Infórmate no 981506188 ou ven á sede na R/Lino Sexto Sánchez, 2, baixo.
info@asetem.com**

O aforro gaña ó consumo no alumeado de Nadal

Os concellos da zona intentan recortar gastos aínda que recoñecen que é un servizo “importante”

A crise e a vontade por fomentar a conciencia do aforro enerxético levan ós concellos da comarca a examinar cada vez máis o gasto no alumeado de Nadal. Algo que na práctica se traduce en que as luces están menos días e durante menos tempo acesas, ademais de instalarse en menos rúas.

En Melide, o Concello ten previsto acender o alumeado arredor entre a segunda semana de decembro e o día 15. Segundo confirma a alcaldesa da vila, Socorro Cea, utilízase un tipo de luces de baixo consumo. “Instalaremos unhas luces tipo Lef, de pequeno tamaño, que aforran moito máis que as bombillas clásicas. Ademais queda máis bonito”, comenta Cea.

A inversión do concello na instalación e alugueiro destes adornos rondou os 5.000 euros en anos anteriores. A isto hai que sumarlle o consumo a maiores que hai durante o tempo que están operativos. En Melide, poñeranse nas principais rúas e na zona vella “porque é onde hai máis comercio”, indica Cea. Neste punto, alude a que o alumeado de Nadal é un gasto a maiores pero é “importante”, porque o reclaman os comerciantes.

En Toques o acendido do alumeado retrasarase ata “tres ou catro días antes de Noiteboa”, segundo indica o alcalde



Alumbrado navideño con luces de baixo consumo

da vila, Jorge Calvo. O rexedor amósase contrario a que as luces estean acendidas durante toda a noite. “No tiene lógica que las luces estén encendidas toda la noche”, asegura. Ademais, indicou que tomarán “alguna medida” para aforrar neste capítulo de gasto.

“Experimento” en Santiso
O caso de Santiso é diferente ó de Melide e Toques. Neste concello poñerán por primeira vez nos últimos anos o alumeado navideño. “Ten que no-

tarse que estamos no Nadal”, asegura o alcalde, Ovidio Leiva. Mercaron 17 arcos de luces que instalarán nas dúas zonas urbanas do concello - Arcediago e Visantoña- e nos límites do concello, sobre as estradas que o atravesan. Trátase de luminarias “modernas” e dotadas de luces de baixo consumo.

En canto ó horario de acendido, o concello tampouco escatimará en gastos e conectará as luces ó alumeado público, polo que estarán acesas dende o anoitecer ata o amencer.

Santiso confía no desbloqueo da vía Visantoña-Melide

O arreglo da estrada que une o núcleo de Visantoña, no concello de Santiso, coa vila de Melide parece estar a piques de desbloquearse, xa que a Diputación de A Coruña enviará nos vindeiros días o proxecto de mellora para que a Xunta inicie os trámites de expropiación dos terreos afectados.

Así o comunicou o deputado provincial de vías e obras, Bernardino Rama, na reunión que recentemente mantiveron veciños das parroquias polas que atravesa o vial -Visantoña, Ribadulla, Beigondo, San Román e Pezobre en Santiso e Campos, San Martiño e Santa María en Melide-, os alcaldes destes dous concellos, Ovidio Leiva e Socorro Cea, respectivamente, e representantes da Diputación.

Os veciños presentes na

xuntanza, convocada pola asociación O Noso Lar, e á que tamén asistiu a presidenta de Asetem, Sonia Valiño, descartaron iniciar calquera tipo de medida de presión ou mobilización polo momento. Acordaron dar unha marxe de 15 días para que a institución provincial reinicie os trámites.

Retrasos reiterados

O arreglo desta estrada é unha vella reivindicación dos veciños, que dende hai uns dous anos loitan porque comecen as obras que levan acumulando retrasos de xeito reiterado. No último período, a actuación estivo bloqueada debido ó retraso nas alegacións que se presentaron ó proxecto. Agora, os veciños agardan que a Xunta faga as expropiacións con carácter de urxencia.

Toques vende o seu “paraíso interior” na Turexpo galega

O concello de Toques promocionouse como “paraíso interior” na I Turexpo de Galicia, que se celebrou dende o 27 ó 29 de novembro na Feira Internacional de Galicia, na localidade pontevedresa de Silleda.

As fervenzas de Brañas, a Capela do San Antolín ou o castro de A Graña, xunto coas rutas de sendeirismo que discorren polo concello foron algúns dos atractivos turísticos que poideron coñecer os case 6.000 visitantes que se achegaron á feira. Toques dispoñía dun stand propio, no que supuxo en palabras do alcalde, Jorge Calvo, “la primera acción promocional turística desde el propio concello”.

Repartíronse tarxetas con imaxes dos espazos máis representativos da localidade. Tamén estaba presente o Toquiño, o símbolo do concello, plasmado en marcapáxinas, chaveiros e pins.

Dentro da feira, á que asistiron turoperadores de 21 países, Toques tamén estaba presente no posto de Terras de Ulla e Tambre e no da comunidade galega. A promoción completábase no stand do Xacobeo, onde Toques aparecía representado nos folletos do Camiño Primitivo e do Norte cara a Santiago.

Superficie en Rede Natura

A natureza ten un papel preponderante na promoción que fai o concello. Non é para menos, xa que un 40% da súa superficie está protexida pola Rede Natura 2000. “É, sen dúbida, un dos máis fermosos referentes da paisaxe do interior de Galicia”, di unha das tarxetas promocionais.

Ademais, tamén se fixo fincapé na localización, polo que se distribuíron folletos que indicaban cómo chegar ata o concello dende as cinco capitais galegas.

ESPAÑA
ALEMANIA
FRANCIA

SUIZA
HOLANDA
BELGICA

SIERRA

TRANSPORTE DE VEHÍCULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Manuel Vázquez García

Tfno./Fax: 981 50 79 10

Móviles: 610 52 34 50 / 51

www.transierra.es

manuel@transierra.es

Parque Emp. La Madanela, nave 79

15800 MELIDE (A Coruña)

ITALIA
PORTUGAL
AUSTRIA

Os concellos ultiman a redacción dos proxectos para o novo Plan E

O prazo para concretar as obras remata a finais de ano

Achégase o remate do ano e con el os apuros para deixar todo pechado. Estes días, nos concellos da Terra de Melide ultiman a redacción dos proxectos do Fondo Estatal de Inversión Local (Feil), tamén coñecido como Plan E, xa que o prazo para presentar as actuacións para o ano que vén remata o próximo 31 de decembro. Desta volta, as cuantías das que dispoñen as arcas municipais son inferiores ás que manexaron este ano, xa

que o orzamento total do plan tamén é menor, ó pasar de 8.000 millóns de euros neste exercicio a 5.000 para o vindeiro ano.

No Concello de Melide están ultimando a redacción dos proxectos, entre os que están incluídos a mellora de varias rúas do casco urbano e actuacións nas beiras do río Furelos, nas instalacións deportivas municipais e o arranxo de varias pistas rurais.

En total, o consistorio melidense dispón de algo máis de 854.000 euros, que invertirá en “seis ou sete proxectos”, segundo indicou a alcaldesa da localidade, Socorro Cea.

Para este exercicio, o concello dispón de menos fondos en comparación coa anterior edi-

ción, que concedera a Melide 1,4 millóns de euros. Daquela, repartíranse en 14 proxectos.

Falta a valoración técnica

En Santiso destinarán os case 220.000 euros cos que contan á construción da traída de auga, concretamente a instalar as tubaxes de condución dende os depósitos ata as dúas zonas urbanas do concello, Visantoña e Arcediago. Tal e como explicou o alcalde da localidade, Ovidio Leyva, dividirán os fondos en tres partidas. Non obstante, aínda non teñen feito ó reparto nin a redacción das actuacións xa que están á espera das valoracións técnicas, informou o alcalde.

Leyva explica que co anterior plan, que aportou

372.000 euros, o presuposto por habitante era de 180 euros e para o 2010 será de pouco máis de 100 euros. Aínda así, recoñece que estes fondos son “unha aportación significativa para as contas do concello”.

Toques ten todo preparado

En Toques xa teñen todo o traballo realizado. Contan con algo menos de 145.000 euros, que repartirán en tres proxectos. A ampliación dun camiño interior en San Martiño, para a que destinaron 78.320 euros; actuacións en pistas do interior dos núcleos de Castelo, Baamonde a As Penas, que teñen presupostados 29.630 euros; e obras en camiños de Goiás e nos de Aro

do Pleito, por un importe de algo máis de 36.830 euros.

Ó igual que ocorre nos outros concellos da comarca, a diferenza entre os fondos de 2009 e 2010 é notable. En Toques traballaron con 256.100 euros, que repartiron en dúas partidas. A maioritaria, de 199.980 euros foi destinada a realizar diversas melloras no centro multiusos da vila. Os fondos restantes utilizáronse para reparar a vía que une as parroquias de San Xulián e a Ponte da Pedra, ademais de noutras de similar natureza noutros núcleos do concello.

Como acontecera co anterior plan, os concellos da zona destinan a maior parte dos recursos ó arranxo de diversas infraestruturas.

Santiso merca maquinaria de asfaltado para bachear pistas

O Concello de Santiso acaba de mercar maquinaria de asfaltado destinada a bachear as pistas das zonas rurais. O alcalde do concello, Ovidio Leiva, confirmou que adquiriron un camión con gravillador, un rodillo apisonar e un camión con cuba para o alquitrán por un importe total de preto de 100.000 euros.

Trátase de máquinas de segunda man, que se atopan en boas condicións para o seu uso e “están ben revisadas”, segundo Leiva. Foron mercadas

á empresa Automoción La Junquera.

Con esta compra, o concello pretende “ter sempre en boas condicións as pistas do rural” e “actuar de xeito rápido cando aparezan baches”. Estes traballos “complementarán” as obras que se leven a cabo nas estradas principais, que seguirán tramitándose a través dos distintos programas habilitados dende institucións provinciais ou autonómicas. “Cos fondos que chegan da Xunta ou da Diputación non

podíamos abarcar tódalas pistas. Agora poderemos reparalas nós”, precisou o rexedor.

Saneamento en Chorén

Por outra banda, estes días estran na súa fase final as obras de saneamento no núcleo de Chorén, pertencente á parroquia de Barazón. Esta actuación, que beneficia a máis de 30 vivendas, comezou no mes de setembro. Cun presuposto superior a 160.000 euros, realizouse a acometida de tubaxes dende a depuradora.

Cerne

Máis de catro anos
facendo información
dende e para a
Terra de Melide

*Deséxalle
bo Nadal!*



Tenda

Tel./fax: 981 50 57 23
Rda. de Pontevedra, 8
15800 Melide (A Coruña)
xebre@telefonica.net

Queixería

Tel./fax: 981 10 02 52
Balada - Visantoña
15809 Santiso (A Coruña)

Furelos e Barazón darán a benvida á TDT coa chegada do 2010

Os concellos encárganse das obras mentres que a parte técnica corre a cargo da Xunta

As aldeas de Furelos en Melide e a de Barazón en Santiso serán os dous primeiros núcleos da comarca en dicir adeus á televisión analóxica e dar a benvida á Televisión Dixital Terrestre (TDT). Farano co comezo do 2010. As dúas parroquias, incluídas na área técnica de Santiago para a implantación da TDT como lugares para a implantación de antenas reemisoras, foron seleccionados para inaugurar o calendario de acendido da nova televisión. Xunto a estas dúas, tamén se activarán as estacións reemisoras de Órrea (Agolada), Rodeiro e Bascuas (Vila de Cruces).

Para dar cobertura a Furelos instalouse recentemente un microreemisor no lugar de Penagundín, na aldea próxima de O Meire, que tamén quedará cuberta. Segundo explicou a concelleira de Medios de Comunicación, Anabel Ramos, o concello encárgase de realizar as obras oportunas para a instalación da antena, que



Reparto de TDT. O concello melidense repartiu 20 adaptadores de TDT entre persoas con dependencia, en risco de exclusión ou con discapacidade. Debido ao interese que espertou a campaña, dende o concello ampliárona ata o próximo 30 de decembro. Deste xeito, os veciños maiores de 80 anos que vivan sós, os maiores de 65 con grao de dependencia recoñecida de nivel I ou II e as persoas con discapacidade auditiva ou visual superior ó 33% que desexen recibir un TDT deberán comunicalo á Concellería de Benestar e Igualdade antes do 30 de decembro, segundo indicou o goberno local. Na foto, a alcaldesa, Socorro Cea, entrega un TDT a un veciño.

neste caso consistiu nunha plataforma de formigón. Os traballos técnicos corren a cargo da firma Retegal.

Ramos engadiu que o concello solicitou á Xunta un informe para coñecer polo miúdo a cobertura que haberá no concello, para ter en conta as chamadas zonas de sombra,

que non poderán ver a TDT.

No caso de Barazón, esta actuación era unha demanda perseguida polos veciños, xa que o núcleo se atopa nunha das chamadas zonas de sombra.

Acendido en 44 concellos
O plan de acendido na área de

Compostela afecta a 44 concellos, 39 deles na provincia da Coruña e os outros cinco na de Pontevedra. Nesta zona a data tope fixada para a transición da televisión analóxica á dixital foi o 31 de decembro. En total instaláronse 55 equipos para dar cobertura a todo o territorio galego.

O campo de fútbol ten vestiarios renovados

O campo de fútbol municipal de Melide estreou novos vestiarios e duchas completamente reformadas. As obras afectaron ás instalacións xa existentes e ademais construíronse dous novos cambiadores debaixo das bancadas. Este espazo usábase ata agora coma almacén.

O equipamento co que se dotaron as instalacións foron oito bancos, oito percheiros e 52 taquillas individuais.

Por outra parte, tamén se mellorou a accesibilidade ós propios vestiarios, xa que se cambiou a escaleira por outra de perfil lateral.

Estas melloras realizáronse con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local (Feil), cun importe superior ós 35.000 euros. A este orzamento sumábanse axudas concedidas pola Xunta anterior por valor de 20.000 euros e outros 20.000 que aportou o concello, co que o presuposto total foi de 75.000 euros.

Dende o consistorio melidense destacan que estas obras eran unha “prioridade”, xa que as instalacións non se renovaran dende que se construíra o estadio, nos anos 70.

‘O Nadal na túa parroquia’ xunta a netos e avós nos locais sociais do rural de Melide

A actividade é gratuíta e ten unha duración de unha hora e media

Os nenos e os maiores do rural melidense teñen estes días unha nova ocasión para compartir os seus momentos de lecer. A través da actividade ‘O Nadal na túa parroquia’, organizada polo Concello de Melide, poden asistir a obradoiros nos que elaborarán distintos obxectos relacionados coas tradicións do Nadal. Os máis novos farán postais e os maiores centros florais.

Estes encontros interxeracionais, que se celebran nos lo-

cais sociais de cada parroquia son totalmente gratuítos, e foron deseñadas para que “os maiores que acompañen ós pequenos teñan outra actividade para eles”, explicou a animadora sociocultural do concello, Rosalía Romero. Tamén se buscaba que as persoas que viven no rural “non teñan que desprazarse sempre á vila”.

A actividade, impartida por dúas animadoras socioculturais, celébrase no local social de cada parroquia ás 17.30 horas e teñen unha duración de hora e media. Os asistentes non terán que levar ningún tipo de material, que xa lles entregan as monitoras no propio local social.

Os encontros comezaron o día 24 en Santalla, con “moi boa acollida”, segundo indicou Romero. Ó longo do mes de decembro celebráronse en Folladela, o venres día 4; en San Salvador, o mércores 9; á parroquia de San Martiño tocaralle o día 10, xoves; o luns día 14 celebrárase en Campos; o día 15, martes, en Moldes; o mércores 16 será o turno de Furelos; o xoves 17, terá lugar en Leboreiro e as actividades rematarán en Meire o venres, día 18 de decembro.

Ademais, o concello organiza sesións de contacontos no rural para os días 28, 29 e 30 de decembro e 4 de xaneiro. Haberá servizo de bus para recoller ós nenos que acudan.

Novos cómics de heroes para a biblioteca melidá

Entre os 500 volumes hai títulos clásicos, xuvenís, manga e banda deseñada

A biblioteca melidá Xosé Vázquez Pintor recibiu en novembro novos volumes. Trátase de medio milleiro de cómics adquiridos polo concello animado polo éxito que ten este tipo de literatura entre tódolos públicos, ben sexan nenos ou lectores adultos.

A maioría dos títulos van dirixidos ós máis mozos. No centro pódense atopar volumes de persoaxes clásicos coma Mafalda ou dos Simpson.

Os grandes heroes de tódolos tempos teñen un sitio especial. Mercáronse os seus

títulos máis cobizados, como é o caso de ‘Superman Rojo’, ‘Batman Año I’ ou ‘Blake y Mortimar’.

No caso dos cómics manga destacan La espada del inmortal e Evangelium. Tamén hai referencias da banda deseñada entre as que se atopan ‘Animal man’ ou ‘El último hombre’.

Polo de agora, os cómics só se poden ler na propia biblioteca. De tódolos xeitos, o persoal técnico do centro traballa na catalogación dos volumes para que os lectores as poidan levar para a casa mediante o sistema de préstamo.

Santa María de Leboreiro declarada ‘Fito do Camiño’ pola Xunta

O Xacobeo estudia ofrecer visitas guiadas no templo e por toda a aldea

A igrexa medieval de Santa María do Leboreiro, en Melide, foi seleccionada pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, para entrar a formar parte do programa ‘Fitos do Camiño’. Esta iniciativa, que desenvolve conxuntamente as comunidades polas que avanza a ruta francesa do Camiño de Santiago -Aragón, Navarra, La Rioja e Castilla y León- pretende destacar os conxuntos monumentais singulares. Búscase presentar ós peregrinos e a calquera visitante, os monumentos xacobeos representativos de cada zona.

Dende o Xacobeo valoraron as pinturas murais que se conservan na igrexa do Leboreiro, así como o conxunto patrimonial da aldea, onde tamén se atopa un hospital

As outras propostas que aporta a comunidade galega ó programa son o núcleo do Cebreiro, no concello de Pedrafita, o mosteiro de Samos, a igrexa de Vilar de Donas, en Palas de Rei, e a propia Catedral de Santiago.

Ademais de sinalizar cada un destes espazos, o Xacobeo proxecta distintas actuacións



A igrexa do Leboreiro, co hórreo celta en primeiro termo

en cada un deles. No caso da igrexa melidense proseguirase cos traballos de restauración levados a cabo nos últimos anos. De cara a dala a coñecer a peregrinos e turistas, a Xunta traballa para ofrecer visitas guiadas no propio templo e no conxunto da aldea.

Sinalización

A iniciativa xacobeá presta especial atención á sinalización dos monumentos que foron incluídos dentro do programa. Segundo informou a Xunta, a carón de cada un deles instalarán un elemento sinalizador para que os visitantes poidan

identificalos como espazo pertencente á rede de ‘Fitos do Camiño’. Este sinal estará construído con platinas de aceiro, que amosarán a sucesión das distintas etapas do Camiño Francés.

Porta do Camiño na vila

A aldea de Santa María do Leboreiro é a entrada do Camiño de Santiago en territorio melidense. O núcleo era nomeado no século XII como *Campus Leporarium*.

Actualmente conserva un interesante patrimonio monumental, coa igrexa, o antigo hospital de peregrinos e a

ponte sobre o río Seco.

O templo relixioso conserva unha serie de pinturas murais datadas do século XVI, que foron restauradas hai uns anos. O conxunto está repartido en tres cadros, ‘A flaxelación de Cristo’, ‘A visitación de Santa Isabel á Virxe María’ e ‘O martirio de San Sebastián’.

A ponte sobre o río Seco, construída cun só arco, está datada no século XIV e foi restaurada no ano 1984.

Na aldea tamén houbo un importante obradoiro de teelleiros, do que se conserva un dos fornos que se utilizaban para cocer o material.

Alcaldes da comarca reclaman melloras na ruta xacobeá

Os alcaldes da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, organización na que está integrada a vila de Melide, reclamáronlle ó Conselleiro de Cultura, Roberto Varela, melloras no mantemento da ruta e no estado dos albergues.

Os once representantes municipais reuníronse co titular do departamento autonómico en Arzúa, nunha xuntanza preparatoria para o Xacobeo 2010. Alí pedíronlle máis axudas para poder sufragar os gastos de mantemento que implica a ruta e os albergues.

Neste punto, insistiron na necesidade de buscar unha solución efectiva para os problemas de aloxamento que poidan xurdir de cara ó ano vindeiro, debido a que as prazas dispoñibles nestes centros son moi limitadas, ó entender dos rexedores. O conselleiro avanzou que a Xunta estuda subir o prezo das pernoctacións a 6 euros, para sufragar o seu mantemento ademais de ofrecer un servizo “de maior calidade”.

Por outra banda, reclamaron “urxencia” para a aprobación da delimitación do Camiño, para reducir o tempo que os veciños tardan en conseguir o expediente preciso para a execución de obras nas vivendas ou propiedades.

A Xunta destina 6 millóns para o Camiño Primitivo

A Xunta aprobou unha partida de 6 millóns de euros para actuacións en catro rutas do Camiño de Santiago, entre elas o Camiño Primitivo, que discorre polos concellos de Toques e Melide.

Segundo informou o Xacobeo, entidade dependente da Consellería de Cultura, as actuacións que se levarán a cabo serán sobre o trazado das rutas e de rehabilitación e ampliación da rede de albergues.

No Camiño Primitivo faranse traballos de roza e limpeza nun tramo de 127 quilómetros, ademais do arranxo do piso, plantación de árbores ou sementado de céspede.

O Xacobeo tamén reforzará a sinalización dos marcos e cunchas existentes, ademais de instalar novos indicativos. Como novidade, en cada albergue haberá un cartel informativo sobre o seguinte tramo que percorrerá o camiñante.



María Sánchez Quintás
Victor Pereiro Cagide

Tfno.: 981 50 71 94
Rúa do Convento, 16

15800 MELIDE (A Coruña)

Herba Grileira amosa ós mozos “outra vía” de aprender coa cultura



Un momento da actuación de Herba Grileira na Semana da Música

“Ver que hai outra vía de diversión, de coñecer unha parte importante da nosa cultura e disfrutar facéndoo”. Esta é a filosofía de Herba Grileira dende a óptica dunha alumna de baile tradicional e gaita, Eva Balboa. Palabras totalmente compartidas polo seu profesor, Miguel Varela. Esta escola de música e baile tradicional nace en Melide o pasado mes de setembro. Con apenas tres meses de historia, xa conta con 50 alumnos dentro das súas catro disciplinas: gaita, acordeón, percusión e baile tradicional, repartidas en tres niveis de ensinanza, iniciación, continuación e perfeccionamento. Os ensaios son os sábados e a finais de mes xúntanse tódolos grupos para

facen un ensaio xeral. “Todos tocamos o mesmo repertorio e a final de mes quedamos para tocalo xuntos”. “Queremos disfrutar con isto”, repite. E entre os proveitos que lle quitan está o de viaxar. “Estiven en Italia e na Bretaña grazas a estar nun grupo”.

Miguel conta que a gaita é a ensinanza que ten máis éxito. Agora mesmo son 22 persoas. Para o ano xa pensan en dar clases de baile para nenos. Mirando ó futuro próximo, cantarán os Reis polos bares da vila. Ademais, traballan na organización da Foliada, na que participará un grupo de Santurce (Bilbao). Despois, Herba Grileira irá a terras vascar para celebrar o Día das Letras Galegas.

Tiveron a súa primeira actuación na Semana da Música. “A xente quedou contenta e sorprendeuse, porque viron algo novo que non esperaban”, comenta o profesor. Na actuación participaron unha parella de baile, un trío de acordeóns, gaitas e tamén houbo unha parte de canto.

Recoñecen que parte do éxito da escola vén dado pola longa tradición musical que agromou hai décadas na vila. Eva e Miguel citan, entre outros, ós irmáns Garceiras e a Froito Novo. “Tiveron repercusión en toda Galicia e deixaron un repertorio ó que nos remitimos agora”, di Eva. Non obstante, cren que o baile tradicional estaba “moi mal coitado” nos últimos anos.

Trompos no San Mariño en Melide



Os alumnos do Instituto de Melide celebraron o día do San Martiño facendo xirar os seus trompos. “Polo San Martiño, trompos ao camiño” berraron os escolares que se congregaron o 11 de novembro

na Praza do Convento. Na actividade, organizada para recuperar este xogo popular, colaborou a Asociación Galega do Xogo Tradicional e Popular, que a miúdo desenvolve actividades similares no IES.

Gran éxito da Semana da Música na súa XX edición

A Semana da Música de Melide culminou a súa XX edición con gran éxito de público. No seu vinte aniversario, o evento -organizado pola Coral Polifónica de Melide- estivo adicado especialmente ás agrupacións musicais da comarca. Así o acordou en asemblea a propia coral, que quixo “agradecer de corazón a súa xenerosidade e aplaude o seu traballo”.

Tiveron especial recordo para as formacións desaparecidas ó longo destes 20 anos, coma os irmáns Garceiras, Voces de Melide ou Voces femininas.

Durante seis días, a igrexa de Melide, acolleu actuacións de distintas formacións de música e baile tradicional da comarca, entre as que estaban ‘A Maristela’ de Sobrado, ‘O Bingo Birón’ de Toques, ‘Trimuños’, ‘Axóuxere’, ‘Herba Grileira’, ‘Castelo’ e ‘Froito Novo’ de Melide. Tamén actuaron as corais de Santiso, de Melide e de Sobrado, entre outras formacións musicais.

Comezou en 1987

A primeira Semana da Música celebrouse en 1987 e non volveu organizarse ata o 1991, cando colleu as rendas a coral.

Pazo Eidíán

Para cada uno de los momentos especiales de tu vida piensa en el Pazo de Eidíán.

Sus salones, comedores, sus jardines, su piscina, sala de reuniones

Su SPA, su pista de Paddle. Todo a tu alcance.

Ven a visitarnos. Te sorprenderas de los cambios

Bodas

Primeras Comuniones

Bautizos

Comidas Familiares

Cenas de Navidad

Cumpleaños

www.pazoeidian.com Tfno: 986 68 25 45 - 618 39 25 71 Agolada

JESÚS GÓMEZ LAREO, director de teatro de Charamela

“Se esta obra non ten éxito será un fracaso para nós”

Coa ollada posta no sábado 12 de decembro, Jesús Gómez Lareo, amósase confiado en que a representación da obra teatral ‘Se o sei...non volvo á casa’ de Manuel Varela Buxán ten que ser “todo un éxito”. Será unha actuación especial, para culminar o ano no que se conmemora o centenario do nacemento do escritor.

–‘Se o sei... non volvo á casa’ é unha vella coñecida para vostede. Por que decidiu volver levala á escea?

–É unha obra á que lle teño moito cariño, sobre todo pola amizade que tiña con Varela Buxán. Paréceme que está moi ben escrita e que todo Melide a debe coñecer porque fala da vida cotiá e da emigración, que por desgraza, tamén temos no noso pobo.

–Con esta peza recorreu Galicia enteira

–Si, fixen unha xira durante dous anos e medio dirixindo á Sociedade Cultural Leducia de Burela na que recorremos toda a comunidade. Tivemos máis de 100 actuacións. Veunos ver o autor e foi daquela cando o coñecín e me dedicou o libreto da obra. Ademais, quedamos terceiros nun concurso en Lugo e tamén a fomos representar a Barcelona.

–Algunhas destas actuacións foron moi emotivas

–Lémbrome cando fomos a Chantada. Viñeron a vernos os actores que representaran a obra había 50 anos en Bos Aires, convidados por Varela Buxán.

–Pese a estar en moitas vilas non viñeran a Melide

–Melide foi dos poucos sitios que nos quedou por estar. Agora será a primeira vez que os melidenses e os veciños do contorno vexan a obra.

–É un momento especial, este ano celebrouse o centenario do nacemento do escritor



Gómez Lareo lendo ‘Se o sei... non volvo á casa’

–Este foi un dos motivos polos que escollemos esta obra. Queremos rendirlle unha homenaxe póstuma a unha persoa que foi marabillosa.

–Como levan os ensaios?

–Penso que xa temos moi ben preparada a representación. Seguiremos ensaiando ata a semana da estrea. Os catro últimos días faremos os ensaios xerais no propio pabellón.

–Canto tempo levan preparando a estrea?

–Levamos traballando nela dende febreiro, case todo o ano, aínda que houbo momentos de parón. É un traballo duro, dende que se escolle a obra, copiamos os papeis de cada personaxe, facemos o reparto de actores e comezamos a ensaiar, ata que chegamos a ter todo perfecto.

–Agárdase unha boa aco-llida por parte do público

–Na xira que fixeramos xa ti-

vera moito éxito. Agora non esperamos menos. Se sae mal e non ten éxito será un fracaso para todos nós.

–Cun grupo de actores e técnicos consolidado, todo apunta a que todo irá sobre rodas

–Somos un grupo de afeccio-

nados, pero estes actores non teñen nada que desmerecer a outras persoas que se dedican ó teatro máis de cheo. O que máis me preocupa é o tema do son, que tódolos asistentes poidan escoitar ben e que non haxa problemas técnicos que machaquen a obra. As autoridades melidenses deberían decatarse de que non temos un sitio en condicións para representar unha obra de teatro.

–Aínda non tiveron a estrea e xa os chamaron de varias localidades

–Xa nos chamaron de tres ou catro sitios para que fomos actuar alí. De fóra da comarca e incluso de fóra da provincia da Coruña. Temos por norma que a primeira actuación sempre se dá no pobo. Debémonos ó público de Melide.

–Xa comezaron a pensar na seguinte representación. Teñen escollida a obra?

–Aínda non. Gustaríame dar a zarzuela ‘Non chores chavaliña’ de Traperero Pardo. É a obra mellor escrita que hai hoxe en galego. Iamos estreala para a inauguración do auditorio pero as cousas torcéronse e quedou en nada. Precisamos un local en condicións, con bo son porque leva música de orquestra. Sería unha gran inauguración para a desexada Casa da Cultura.

Toques organiza un obradoiro activo para maiores

O Concello de Toques está a organizar un proxecto de Envelhecimento Activo, que agrupará varias actividades destinadas a mellorar a calidade de vida dos maiores. Deste xeito, os participantes asistirán a obradoiros de memoria e recibirán clases de hixiene postural e de dietética e nutrición. Ademais, haberá tempo para as manualidades, para os bailes de salón e a musicoterapia. Tamén coñecerán nocións básicas de prevención de riscos no fogar e primeiros auxilios.

Todas aquelas persoas maiores de 60 anos poderán apuntarse nesta actividade, que se celebrará no albergue da localidade. O concello mantén aberto o prazo de inscrición á espera de conseguir maior número de persoas. Ademais, habilitarase un servizo gratuito de desprazamento para aqueles participantes que non dispoñan de medio de transporte.

Actividades para maiores

Dentro da programación deportiva de Toques xa se imparten clases de ximnasia de mantemento para a terceira idade nas parroquias de Villamor, San Martiño e Brañas.

As clases son os luns e os mércores ás 10.00 horas no local social de Villamor, os mesmos días ás 11.00 horas en San Martiño, e os martes e os xoves ás 12.00 na parroquia de Brañas.

Decoré

Travesía do Convento, 1
15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno./Fax: 981 50 60 90

Galicia, un patrimonio de todos. Coñéceo!

Galicia conta xa co importante número de catro Patrimonios da Humanidade declarados pola UNESCO: a cidade de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Muralla de Lugo e a Torre de Hércules da Coruña. Un anaco de mundo marabilloso que os galegos pisamos a cotío, e que aínda podemos seguir redescubriendo.

A cidade de Santiago, berce de espiritualidade que arrola dende séculos os pasos dos composteláns, obtivo a declaración no ano 1985. A Organización das Nacións Unidas considerou entón a gran beleza da capital galega e a súa integridade monumental, unida aos ecos da súa significación espiritual como santuario apostólico e destino do máis importante movemento relixioso e cultural da Idade Media: a peregrinación polo Camiño de Santiago.

De feito, as vías principais do Camiño de Santiago foron declaradas dous anos máis tarde, en 1987, Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa. A declaración de Ben Patrimonio da Humanidade pola UNESCO chegou seis anos máis tarde, en 1993, circunscibíndose aos trazados que percorrían España e, polo tanto, Galicia. En 1998, o Camiño obtivo ademais a declaración xenérica e definitiva, ao incluír os trazados xacobeos ao seu paso por Francia.

Tras sete anos sen ningún nomeamento, o 2 de decembro do ano 2000 a Muralla de Lugo foi o terceiro lugar galego en ser premiado coa distinción, o que supuxo o seu recoñecemento mundial e unha garantía para a súa conservación e rehabilitación. Trátase da única muralla nos tres continentes polos que se estendeu o Imperio Romano que conserva íntegro o seu perímetro, de máis de dous quilómetros de percorrido.

O pasado romano de Galicia volveu a ser distinguido este mesmo ano. A Torre de Hércules, que curiosamente fora nomeada xa Ben de Interese Cultural (BIC) en 1985, ano no que Galicia obtivo o seu primeiro Patrimonio da Humanidade, vía cumprido o obxectivo de formar parte do prezado elenco en xuño de

O pasado romano de Galicia volveu ser distinguido este ano co nomeamento da Torre de Hércules



Peregrinos entrando na praza da Quintana, onde se atopa a Porta Santa



A Catedral de Santiago de Compostela vista dende a Alameda da Cidade

2009. Este faro de navegación construído no século II durante o mandato de Trajano é o único do período romano aínda en funcionamento, polo que se trata do Patrimonio galego máis antigo dos catro.

O gran patrimonio cultural, arquitectónico e natural de Galicia convértena nunha candidata constante na listaxe da UNESCO. De feito, outras zonas da Comunidade Autónoma, como A Ribeira Sacra, Os Ancares, o Ferrol da Ilustración ou o Camiño do Norte aspiran a ser catalogadas Ben Patrimonio da Humanidade.

Ferrol resulta unha candidata idónea ao Patrimonio da Humanidade. O urbanismo racional do período da Ilustración que caracteriza á cidade departamental xustifica a declaración. Para logralo barállase a posibilidade de presentala de maneira conxunta coa cidade francesa de Rochefort, aproveitando as similitudes que teñen ambas como arsenal militar. Tamén se valora a incorporación da cidade inglesa de Chatham, situada ao este do país, e famosa tamén polos seus estaleiros. Na maxestuosidade de prazas ferrolás como a de Armas e Amboage, na construción simétrica e orixinal das súas vivendas construídas no século XVIII o no bastión que conforman os castelos de San Felipe, da Palma e o Arsenal Militar, depositamos de novo a ilusión todos os galegos. Galicia méreceo.

Podemos dicir que Galicia é, toda ela, un patrimonio mundial. Un patrimonio que os galegos podemos redescubrir, reparando en cada rincón descoñecido, en cada sabor e olor aínda non experimentados, convertíndonos, en definitiva, nos mellores embaixadores da propia terra, dunha paisaxe e dunha paisanaxe de noso que nos sitúa dunha maneira especial e única no mundo.

A Ribeira Sacra, Os Ancares ou o Camiño do Norte aspiran a ser Patrimonio da Humanidade

O taxi en Melide

Xosé Domingos Fuciños Gómez

O transporte público en vehículos de pequena cilindrada (turismos) iniciouse oficialmente a nivel de licencias municipais no ano 1933. Foron os primeiros taxistas locais oficiais D. Rafael Vázquez Andrade, veciño de Melide en San Roque, nº5, e D. Francisco Valiño Prieto, na Travesa da Rúa do Convento, que posteriormente tivo a concesión da liña de autobuses a Toques.

No ano 1940, D. Enrique Mellid Castelo (pai de Quico e Chucho de Enrique) tivo dúas licencias de taxis oficiais a traves do Concello, con dous Fiat 520 e 521, que tivo gran importancia naqueles anos da posguerra. Levaban con frecuencia ós Pais Pasionistas cando, co armonium ían

cantalos responsos e misas de enterro e festivas por toda a comarca da Terra de Melide e concellos lindeiros coma Palas de Rei, Arzúa, Agolada, Sobrado...

No decurso do tempo houbo máis licencias para novos taxis, sendo o 8 de xullo de 1965 o inicio do libro-rexistro actual de licencias de taxis, no que actualmente se contabilizan deza-sete taxistas.

Na miña lembranza a tódolos taxistas -aínda que non os nomee é porque se me poden esquecer algúns- e lembrar a algunhas outras persoas que, sen selo, exerceron de transporte menor, como a Rubia (Chevrolet acarrozado en madeira) do vello dono do Bar Palas.



O Sr. Enrique Mellid Castelo, coa man no volante do seu Fiat nas festas de Vilasantar, con mocidade de Melide. Foto: Irmáns Mellid Rey.

Polas rúas de Melide...



Praza das Coles, Melide (Anos 1920).



Convento dos Pais Pasionistas. Priorada, Melide. (Ano 1914).
Pasionistas en Melide 1909-2009



Rúa Principal (Rúa Abaixo), Melide. (Anos 1920)

Fotos: Arquivo Irmáns Fuciños Gómez (Casa de Pita). Melide.

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiterios Río Furelos

Ten unhas posibilidades máis amplas das que se soe crer. Os miñoqueiros aproveitan que teñen unha gran arma á deriva e rastrean tódolos recunchos do río, traballando como moi poucos tódalas posturas posibles.

Cerne

**Novas tarifas
publicitarias
para o 2010**

**importantes
ofertas!**

Infórmate no
981506188
info@asetem.com

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados: 10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19.15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003
A.S.E.T.E.M-CCA	981506188

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

MINIA VARELA ANTAS, propietaria da tenda Xebre

“Vendemos produtos que non hai en ningunha outra tenda de Melide”

Produtos artesanais de calidade. É o que o cliente atopa en Xebre. A súa responsable, Minia Varela, decidiu hai un ano voltar a Visantón (Santiso) para “relanzar” a queixería familiar. O proxecto tamén contemplaba a apertura dunha tenda para a venda dos queixos que eles mesmos elaboran.

Sabe que é unha época complicada para abrir un negocio, pero confía en resistir a crise. As súas armas son ofrecer produtos de calidade, diferentes e contribuir a diversificar as actividades no medio rural. Todo elo dende a óptica dunha “muller pequena empresaria do rural”.

Ubicada na Ronda de Pontevedra, 8, Xebre ten como eixo central os queixos, de diferentes tipos e Denominacións de Orixe. Tamén ofrece todo tipo de produtos relacionados co mel, marmeladas, licores e chocolates.

-Como xurdiu a idea de abrir esta tenda?

-Na familia levaban vinte anos coa queixería e cando meu pai se xubilou unha irmá e máis eu decidimos seguir adiante con ela. Dende o principio tiveron claro que tiñamos que vender directamente os queixos e de aí arrancou a idea da tenda.

-Con que filosofía naceu Xebre?

-Queremos achegar os nosos produtos ó consumidor e ofrecer outros alimentos artesanais e de calidade, sempre galegos. Deste xeito o consumidor ten máis garantías, porque sabe que están feitos preto del, sabe de onde veñen.

-Son produtos singulares

-Si, vendemos produtos que non se atopan en ningunha outra tenda de Melide.

-O centro da tenda son os queixos

-Son o eixo da tenda. Temos catro tipos: Arzúa-Ulloa, tetilla, de nabiza e queixo fresco. Estes son os que elaboramos nós e ademais trouxemos un queixo de ovella que fan en Allariz. Vendeuse moi ben e xa fixemos un segundo pedido.

-Ademais hai outro tipo de produtos de calidade

-Temos marmeladas artesanais de cereixa, uva ou laranxa; chocolates, castañas, licores de diferentes sabores, caprichos do peregrino...



Minia e a súa irmá Mari Carmen son as responsables de Xebre

-Os produtos de colmea tamén teñen un lugar especial

-Traballamos o mel, só, con xalea... Aínda que o que mellor se está vendendo son os cosméticos feitos a partir do mel, cremas e protectores labiais.

-Cal é o produto estrela?

-O que máis se vende é o membrillo con noces. Ten moito éxito e está riquísimo. Xa fixemos o segundo pedido.

-Estes artigos teñen fama de ser máis caros

-Son un pouco máis caros que outros produtos semellantes, pero están elaborados de forma artesanal e amparados por denominacións de orixe. Aínda así, creo que están a

prezos asequibles, xa que non son de consumo diario.

-Para as ocasións especiais tamén preparades lotes e cestas

-Son un bo detalle para esa persoa á que xa non sabes que regalarlle. O cliente é quen selecciona os produtos que quere incluír. Con 30 euros pode levar unha cesta completa con queixo, mel, varios tipos de marmeladas, licores e chocolates.

-Un bo detalle agora que se achega o Nadal

-De cara ó Nadal ou para algunha ocasión especial. Tamén nos preguntaron se facíamos detalles para vodas, algo que non nos plantexamos

inicialmente pero que estudaremos dependendo de cómo vaia o negocio.

-Como van as vendas?

-Abrimos hai pouco máis dun mes e aínda hai pouco que temos todo a punto. Hai cousas que teñen máis saída e outras menos, pero imos vendendo. A comezos de decembro será a inauguración para dar a coñecer a tenda.

-Unha época difícil para abrir un negocio

-É o que comenta a xente. Lanceime de cabeza ó atopar este local, que se axeitaba bastante ó que eu tiña pensado. Din que os negocios que resisten á crise saen reforzados, eu espero ser deses.

“Vin necesario asociarme a Asetem. Xa tiña esa idea antes de instalar o negocio”

“Os prezos son moi asequibles, tendo en conta que non son produtos de consumo diario”

-Ademais de alimentos tamén vende prensa. Unha combinación pouco habitual.

-Si, é unha asociación curiosa, unha peculiaridade. O negocio que había aquí antes vendía prensa e déronnos a oportunidade de seguir con ela. Vímolo axeitado porque hai moitos clientes fixos que veñen mercar o xornal, sobre todo os fins de semana.

-Por que decidiu asociarse a Asetem?

-Xa tiña esa idea antes de abrir a tenda. Creo que é necesario que os empresarios e comerciantes nos agrupemos para conseguir mellores servizos, sobre todo se é no rural e somos mulleres.

As fervenzas de Brañas



1. Vista xeral das fervenzas de Brañas, en Toques. 2. Contorno das fervenzas. 3. Muíño á beira do río.

Nun marco incomparable, propio do mellor dos paraísos, atópanse as Fervenzas de Brañas. Amosan toda a súa beleza tralos días de chuvias intensas, cando o torrente de auga baixa facendo un

estrondo por unha parede de preto de 30 metros de caída.

É nestes días de inverno cando as fervenzas se poden ver en todo o seu esplendor. Rodeadas dun bosque frondoso, po-

boado con árbores autóctonas propias da ribeira, o visitante chega a elas tras pasar o núcleo urbano de Toques, a uns tres quilómetros. Terá que desviarse á dereita para tomar unha estreita

pista que o levará ó carón deste peculiar recuncho do interior galego.

Antano, en épocas de grandes chuvias, a auga caía por riba do tellado do muíño que aínda permanece en pé na beira da

fervenza. Parcialmente restaurado, hai quen di que sería un bo lugar para instalar un bar. É un bo recuncho compartir un momento de lecer con boa compañía. A paisaxe terémola sempre.

Galicia

coñécela?
quédate

Lugares que merece a pena descubrir,
momentos únicos que merece a pena vivir.
Galicia, tan túa, tan cerca.



XUNTA
DE GALICIA



TUR GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia